


ANIMADOR

Diocese de Ourense - Lectio Divina

TEMA 4: ANDABAN COMO OVELLAS SEN PASTOR

"Fixeron sentar á xente en grupos"

(Mc 6, 39)



“Espero que todas as comunidades procuren poñer os medios necesarios para avanzar no camiño dunha conversión pastoral e misioneira, que non pode deixar as cousas como están. Xa non nos serve unha ‘simple administración’.” (EG 25)

Soñando o Ideal

COMEZAMOS cun **canto** e encomendando a Deus este momento de Lectio Divina.

ORACIÓN DE INICIO

*Señor Xesús,
estamos aquí reunidos para escoitar a túa Palabra
que nos fala na vida e na Sagrada Escritura.
Dános a alegría de experimentarte próximo,
de coñecerte cada día un pouco máis,
de chegar aos poucos ao fondo do teu corazón.
Sabemos que só ti es a fonte de toda felicidade,
por iso queremos enchernos de ti.
Desta forma sabemos, tamén,
que faremos máis felices a todos os que nos rodean.
Dános lucidez para atoparte,
corazón ardente para amarte e valentía para servirte.
Dános a graza de saber orar
e levar unha vida de acordo á nosa oración.
Que poidamos ser no medio do noso mundo
ese grao de sal e esa faísca de luz
que ilumine, alegre e dea sabor
á vida de todos os que nos rodean. AMÉN.*

I. MIRANDO XUNTOS A NOSA REALIDADE

Lemos o seguinte relato:

Xoan é un home novo, de apenas vinte e seis anos. Sempre soñou con ser mestre como o seu pai e adicarse á educación de nenos e mozos. Pero agora, co seu título debaixo do brazo, diminuíron moito os nenos, non se convocan prazas na Escola Pública e o seu horizonte volveuse negro. Un amigo, Antonio, que estudou con el, dille que mire se hai outras formas de lograr o seu obxectivo: “Eu conseguín un traballo de camareiro. Co que gaño, estou a prepararme para ser monitor de tempo libre e, ao mesmo tempo, especialízome en informática, que ten gran futuro. Así poderei dedicarme ao que sempre soñei: educar a nenos e mozos, pero seguindo outros camiños”

DIALOGAMOS:

Unha tarefa fermosa pero con problemas.

- *En que consisten as dificultades de Xoán?*
- *Terían arranxo estas dificultades? Como?*
- *Coñeces situacións parecidas?*

II. ESCOITEMOS A PALABRA DE DEUS

Preparámonos internamente facendo silencio interior para acoller a mensaxe que o Señor quere transmitirnos coa súa Palabra. Pode axudarnos facer un momento de silencio, abrir unha Biblia e acender unha vela.

Logo un do grupo proclama **Mc 6, 30-44**:

³⁰Cando volveron a reunirse con Xesús, os apóstolos contáronlle canto fixeran e ensinaran.

³¹El díxolles: «Vide vós comigo a un lugar arredado, e descansade un pouco». Eran moitos os que ían e viñan, e nin para comer atopaban tempo. ³²Fóronse sós na barca a un lugar arredado.

³³Pero, ó velos marchar, a xente foinos seguindo por terra desde todas as vilas, e chegaron primeiro ca eles.

³⁴Así, cando desembarcaron, atopouse cunha grande multitude. El, conmovido, porque eran coma ovellas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitas cousas.

³⁵Como se facía tarde, acercáronselle os discípulos e dixéronlle: «Por aquí non hai casas e xa pasa moito da hora: ³⁶vai ser mellor que os despidas, para que vaian ás aldeas e vilas veciñas, e merquen algo de

comer». ³⁷Pero el respondeulles: «Dádelles vós de comer».

Contestaron:

«¿Imos, logo, mercar douscentos denarios de pan para lles darmos de comer? » ³⁸El preguntoulles: «¿E, logo, canto pan tendes?» Fixeron o reconto e dixeron: «Por xunto temos cinco bolos e mais dous peixes». ³⁹El mandounos sentar en grupos na herba verde. ⁴⁰E fóronse sentando en grupos de cen ou cincuenta. ⁴¹El colleu os cinco bolos e mais os dous peixes, ergueu a vista ó ceo, bendiciunos, e partiu os bolos, e déullelos ós discípulos, para que os servisen; e repartiu tamén os dous peixes entre todos. ⁴²Comeron todos ata se fartaren ⁴³e recolleron de anacos e das sobras dos peixes doce cestos cheos. ⁴⁴E os que comeran os pans eran cinco mil homes.

Volvamos ler este texto deixando que a Palabra de Deus toque os nosos corazóns.

Fixémonos:

- Os Doce fóronse “de misión” e retornan para atoparse co Mestre. Fixámonos nos vv. 30-32
Como se senten os Doce?

- Con todo a xente ségueos buscando. Como reacciona Xesús?
- Pero os problemas aumentan: hai moita xente (v. 44), é tarde, teñen fame. O sensato é despedilos (v.36) *Pero que lle di Xesús aos Doce? Como reaccionan os discípulos ante o “**dádelle vós de comer**” de Xesús?*
- Xesús ofrece “a súa” solución. Fixémonos con detalle e enumeremos os pasos que se dan (vv. 38-44) *Que che chama a atención?*

III. MEDITACIÓN

A nosa vida parécese moito ao texto que estamos a ver: evanxelizamos e gozamos coa resposta. Pero tamén nos cansamos... Miremos como é Xesús e como actúa. Tentemos coñecelo mellor e imitalo.

“Así, cando desembarcaron, atopouse cunha grande multitude. El, conmovido, porque eran coma ovellas sen pastor, púxose a predicar ensinándolles moitas cousas.” (v.34) *Móvenos a compaixón, o amor a Deus e ao noso pobo? Realmente que me move na vida?*

“Dádelles vós de comer” (v.37) As nosas comunidades están en tempo de cambio. Faltan sacerdotes e rolda o desánimo. No relato evanxélico Xesús di aos seus discípulos que eles poden dar de comer á xente e mándalles organizarse en grupos, etc... *A que nos convida hoxe Xesús? Como facer o que nos pide Xesús?*

Hoxe chamaríamos a isto **“dotarnos de novos espazos de organización”** porque nas nosas comunidades quizais hai medios e persoas suficientes, pero non nos serve facer as cousas **“como se fixo sempre”** *Que cambios habería que facer nas nosas parroquias, nas nosas comunidades, para repartir o traballo e ser máis eficaces?*

IV. CONTEMPLACIÓN E ORACIÓN

É momento para a ORACIÓN e o COMPROMISO....
Volvemos ler o texto bíblico...

Facemos SILENCIO para a oración persoal.... (Se parece oportuno expresamos en voz alta as nosas peticións)

Comprometámonos ante Xesucristo Eucaristía a amalo máis, a ser máis compasivos, a organizarnos mellor... por amor a El e ao noso pobo. Podemos terminar cantando ***Juntos cantando la alegría.***

Juntos cantando la alegría
de vernos unidos en la fe y el amor.
Juntos sintiendo en nuestras vidas
la alegre presencia del Señor.

Somos la iglesia peregrina que El fundó
somos un pueblo que camina sin cesar
entre cansancios y esperanzas hacia Dios
nuestro amigo Jesús nos llevará.



MATERIAL COMPLEMENTARIO

PARA O ANIMADOR

Mc. 6, 30-44

Paralelos sinópticos: Mt 14,13-21; Lc 9,10-17.

Contexto marquiano

A Misión prepascual dos Doce (Mc 6,6 b-13), é o contexto da nosa pasaxe. A noticia do martirio do Bautista (Mc 6,14-29) corta a continuidade natural dos versículos 13 e 30.

Na misión prepascual, Xesús envíaos de dous en dous, con autoridade e indicacións ben precisas. Eles predicaron o arrepentimento, expulsaron demos e curaron enfermos. O noso texto comeza xustamente cando os apóstolos volven reunirse con Xesús despois desa misión.

Comentario

- **v. 30:** Os apóstolos reúnen-se para contar a Xesús o que fixeran durante a misión que El lles encomendou. O verbo ‘reunirse’ en Marcos é usado exclusivamente en referencia a Xesús: quen se reúne, para ben ou para mal, faino ao redor del (Mc 2,2; 4,1; 5,21; 6,30; 7,1).

- **v. 31:** “Un lugar arredado [par]a descansar un pouco”. É significativo como Xesús non só descansa El, senón que busca o descanso dos seus, o san equilibrio entre actividade evanxelizadora e descanso. Aquí o “lugar deserto” non ten as connotacións veterotestamentarias do deserto.
- **v. 32:** “Fóronse en barca a soas a un lugar arredado”. Mateo coincide con Marcos en sinalar o desprazamento en barca, mentres que Lucas parece omitir ese dato.
- **v. 34:** Xesús compadécese da multitude “porque andaban como ovellas que non teñen pastor”. A imaxe do pastor só volve aparecer nos sinópticos para referirse ao xuízo final (Mt 25,32) e á dispersión dos discípulos tras o arresto de Xesús (Mt 26,31, Mc 14,27). No noso texto, aínda non temos a reflexión que Xoán poñerá en beizos de Xesús acerca do Bo Pastor (Xn 10,1-21), pero intúese de modo incipiente.
- **v. 34:** No texto de Marcos, o que nos ocupa, o primeiro que fai Xesús é ensinalles, xa despois daralles de comer. Contrasta con Mt 14,14 onde o que fai é curar enfermos. Lc 9,11 parece facer unha fusión das dúas accións: “faláballes do Reino

e curaba aos que tiñan necesidade de ser curados”.

- **vv. 36-37:** Debe notarse o contraste entre a formulación dos discípulos (“[que] se compren de comer”) e a de Xesús: “Dádelles vós de comer”.
- **vv. 37-38:** Non menos interesante é o feito de que os discípulos toman postura (“Imos ir a comprar...?”) sen nin xequera comprobar se podían facer, o cal se nota na orde de Xesús: “Ide ver”.
- **v. 38:** “Cinco e dou peixes”. É o que teñen. Un total de sete elementos (número do completo e perfecto). Agora os discípulos mostran algo de iniciativa, pois Xesús preguntou só polo pan, e eles indican que tamén hai peixe.
- **v. 39:** “En grupos na herba verde”. Se cadra insignificante, pero quizáis un detalle de delicadeza do Señor: a herba verde é máis abrandada que a seca. Pouco probable a alusión ao Sal LXX 22,2: “No lugar de brote [da herba] me recosta...”.
- **v. 41:** Tomar...bendicir...partir...dar... Son os catro verbos que articulan tamén a Eucaristía: “Mentres estaban a comer, tomou Xesús pan e bendíxoo, partiuno e, dándollo aos seus discípulos,

dixo: «Tomade, comed, este é o meu corpo» (Mt 26,26).

É interesante notar que Xesús non dá El o alimento directamente, senón a través dos discípulos: “Dando aos discípulos para que llos servisen”.

- **v. 41-44:** A expresión “reparte os dous peixes” (v. 41) pódese explicar pola ambivalencia pan/peixe que se dá nos versículos finais: doce cestos de pan, e os peixes (v. 43), os que comeron os pans (v. 44).

Aparte da referencia a Eucaristía e o servizo, é de resaltar como a comunidade necesita organizarse para levar a cabo a misión de Xesús: Sentarse en grupos, uns reparten e outros comen, Xesús ao fronte..... Nós como Igrexa tamén debemos organizarnos para responder ós retos que a misión nos plantexa hoxe, sen perder o esencial.

